

# Curso de inglés. Nivel C1

**TIPO: Cuadrimestral**

**DURACIÓN:** 110 horas dividido en dous cuadrimestres de 55 horas cada un:

- 1º cuadrimestre (setembro-décembro) – C1.1
- 2º cuadrimestre (xaneiro-maio) – C1.2

**LUGAR:** Campus de Vigo.

**EXAME:** realízase exame de nivel ao remate do segundo cuadrimestre

## **Obxectivos**

Adquirir coñecementos avanzados de lingua inglesa. Dirixido a persoas con coñecemento intermedio-alto da lingua.

De acordo co Marco Común Europeo de Referencia (MCER) o Nivel C1 adquirese cando o/a estudante é capaz de comprender unha ampla variedade de textos extensos e con certo nivel de esixencia, así como recoñecer neles sentidos implícitos; cando sabe expresarse de forma fluída e espontánea sen mostras moi evidentes de esforzo para atopar a expresión axeitada; cando pode facer un uso flexible e efectivo do idioma para fins sociais, académicos e profesionais; e cando pode producir textos claros, ben estruturados e detallados sobre temas de certa complexidade, amosando un uso correcto dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.

## **Como acceder**

O requisito para acceder ao curso de nivel C1 é que as/os solicitantes teñan coñecementos de inglés, que debe ser acreditado aportando un certificado de nivel B2 ou ben a través da realización dunha proba de nivel.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos:

- Nivel Avanzado 2 da Escola Oficial de Idiomas
- Acreditación de nivel B2 expedida polo Centro de Linguas
- Acreditación de nivel B2 CertAcles
- FCE Cambridge
- ISE II Trinity
- TOELF 87-109
- Puntuación 5,5-6,5 no exame IELTS.

## **Certificados**

**CERTIFICADO DE ASISTENCIA:** é preciso asistir ao 85 % das clases

CERTIFICADO DE NIVEL: é preciso superar o exame do curso

### **Prezos por cuadrimestre**

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 215 €

Público en xeral: 260 €

### **Outros datos de interese**

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

\* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.